

RESUMO FIN DE CURSO 1º DE BACHARELATO. Curso 2023-2024

Mércores, 12 de xuño	Publicación das notas a través de ABALAR a partir das 22.00 horas en abalarMóbil.
Xoves, 13 de xuño	Entrega de notas en formato papel para aquel alumnado que o solicítase con anterioridade ao seu titor/a. <u>1º día de reclamación 1º BAC.</u> O alumnado poderá falar co profesorado para aclarar calquera dúbida sobre as notas. <ul style="list-style-type: none">• REVISIÓN DE NOTAS 1º BACHARELATO. Previa solicitude na secretaría do centro, o alumnado, as súas persoas proxenitoras ou persoas que desempeñen a representación legal poderán solicitar do profesorado cantas aclaracións consideren precisas sobre as cualificacións.
Venres, 14 de xuño	<u>2º día de reclamación 1º BAC.</u> As reclamacións contra as cualificacións de 1º de bacharelato presentaranse na secretaría dirixidas á dirección debidamente razoadas, antes das 13:00 horas deste mesmo día.
Luns, 17 de xuño	<u>ENTREGA DE RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN.</u> O 17 de xuño de 2024 ás 12:00 horas na secretaría do centro. (Contra a resolución do centro pódese solicitar, por escrito, que o director remita o expediente de reclamación á Xefatura Territorial. O prazo para esa solicitude é de dous días hábiles a partir do día da comunicación sobre a decisión adoptada: ata as 13:00 horas do 19 de xuño)
Do 19 ao 21 de xuño	<u>EXAMES CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE 1º DE BAC.</u> Adxunto táboa coas datas das materias e o lugar do exame.

As clases de 1º BAC continuarán co seu horario habitual ata o 21 de xuño, aínda que recordamos que as materias aprobadas nesta convocatoria non poderán sufrir ningún cambio, polo que as clases estarán orientadas, sobre todo, a preparar a convocatoria extraordinaria.



Venres, 21 de xuño	ÚLTIMO DÍA LECTIVO
Luns, 24 de xuño	Publicación das notas convocatoria extraordinaria a través de ABALAR a partir das 23:00 horas en abalarMóbil.
Martes, 25 de xuño	Entrega de notas en formato papel para aquel alumnado que o solicítase con anterioridade ao seu titor/a. <u>1º día de reclamación 1º BAC.</u> O alumnado poderá falar co profesorado para aclarar calquera dúbida sobre as notas. <ul style="list-style-type: none">• REVISIÓN DE NOTAS 1º BACHARELATO. Previa solicitude na secretaría do centro, o alumnado, as súas persoas proxenitoras ou persoas que desempeñen a representación legal poderán solicitar do profesorado cantas aclaracións consideren precisas sobre as cualificacións.
Mércores, 26 de xuño	<u>2º día de reclamación 1º BAC.</u> As reclamacións contra as cualificacións de 1º de bacharelato presentaranse na secretaría dirixidas á dirección debidamente razoadas, antes das 13:00 horas deste mesmo día.
Xoves, 27 de xuño	<u>ENTREGA DE RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN.</u> O 27 de xuño de 2024 ás 12:00 horas na secretaría do centro. (Contra a resolución do centro pódese solicitar, por escrito, que o director remita o expediente de reclamación á Xefatura Territorial. O prazo para esa solicitude é de dous días hábiles a partir do día da comunicación sobre a decisión adoptada)